*Departamento de EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIVISUAL*

*IES Nº 1 DA ESTRADA*

# *PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA Curso 2022-23*





# Índice


**1. Introdución .......... 3**

**2. Competencias crave .......... 4**

*Contribución da materia á adquisición das competencias crave .......... 4*

*Perfil competencial da materia en 4º ESO .......... 5*

**3. Concreción dos obxectivos para o curso .......... 13**

*Obxectivos 4º ESO .......... 13*

**4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable .......... 16**

*Temporalización .......... 16*

*Graos mínimos de consecución dos estándares de aprendizaxe .......... 17*

*Procedementos e instrumentos de avaliación .......... 18*

**5. Concrecións metodolóxicas .......... 22**

**6. Materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar .......... 27**

**7. Criterios sobre a avaliación e a cualificación .......... 28**

*Criterios de cualificación .......... 28*

***Criteros de promoción* .......... *32***

**8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente .......... 33**

**9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes .......... 35**

**10. Deseño da avaliación inicial e medias individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuancia dos seus resultados .......... 36**

**11. Medidas de atención á diversidade .......... 38**

*Adaptacións non significativas .......... 38*

*Adaptacións significativas .......... 39*

**12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda. .......... 40**

*Educación en valores .......... 40*

Contidos comúns transversais entre os distintos departamentos do Centro .......... 42

**13. Actividades complementarias programadas .......... 44**

*Actividades complementarias .......... 44*

*Actividades extraescolares .......... 45*

**14. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora .......... 46**

# 1. Introdución

O IES Nº 1 da Estrada é un centro público dependente da Consellería de Educación da Comunidade Autónoma de Galicia. Está situado na avenida da Piscina no concello da Estrada, e pertence a comarca de Tabeirós-Terra de Montes; ten unha poboación de 21.000 habitantes aproximadamente.

O alumnado do centro ven maioritariamente de zona rural, de ambos sexos distribuídos homoxeneamente e pertencen a familias de nivel socioeconómico e cultural medio-baixo, e cunha colaboración e participación co centro case sempre foi permanente e activa e positiva. Desprázanse diariamente en transporte escolar ao centro, o que limita considerablemente as posibilidades de participación en actividades extraescolares e da súa formación, xa que non poden acceder ás institucións públicas como bibliotecas, actividades de teatro ou cinema, ou a outras actividades culturais e deportivas que se poidan organizar na vila. Ademais tamén limita a organización de actividades fóra do horario lectivo desde o centro porque sempre estamos a expensas do transporte.
O Centro atópase, en xeral, en bo estado, ten dous edificios, un onde se imparten as clases de educación física e outro onde se imparten o resto de materias, están unidos por un patio cuberto. A súa oferta educativa comprende a etapa da ESO.
O alumnado matriculado no IES Nº1 da Estrada neste curso 2022-23 é de 139 alumnos/as; a gran maioría deles utilizan o idioma galego como primeira lingua e case todos viven no rural nas parroquias pertencentes o concello da Estrada. O noso alumnado procede dos seguintes centros adscritos de educación primaria:
CEIP Cabada Vázquez (Codeseda), CEIP Foxo, CEIP Manuel Villar Paramá (Vea), CEIP Plurilingüe de Oca.

No curso académico 2022-23 o IES Nº 1 contará cun total de alumnos/as distribuídos da seguinte maneira:

| **CURSO** | 1º | | | 2º | | | 3º | | | 4º | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **2022-23** | Nº alumnos | Plástica | Horas | Nº alumnos | Plástica | Horas | Nº alumnos | Plástica | Horas | Nº alumnos | Plástica | Horas |
| A | 18 | 18 | 2 | 22 | - | - | 21 | 21 | 2 | 16 | 5 | 3 |
| B | 17 | 17 | 2 | 23 | - | - | 22 | 22 | 2 | - | - | |
| TOTAL | 35 | 35 | 4 | 45 | 0 | 0 | 43 | 43 | 4 | - | 5 | 3 |
| | | | TOTAL ALUMNADO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL | | | | | | | | | 83 |
| | | | TOTAL HORAS DE EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL | | | | | | | | | 11 |

# 2. Competencias crave

## Contribución da materia á adquisición das competencias crave

A materia «Educación Plástica Visual e Audiovisual» contribúe, especialmente, a adquirir a *competencia en conciencia e expresións culturais*. Nesta etapa ponse o énfases en ampliar o coñecemento dos diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e os recursos que lles son propios. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e desde o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas. Por outra banda, contribúese a esta competencia cando se experimenta e investiga con diversidade de técnicas plásticas e visuais e ése capaz de expresarse a través da imaxe.

Colabora en gran medida na adquisición da *competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor*, dado que todo proceso de creación supón converter unha idea nun produto e, por iso, en desenvolver estratexias de planificación, de previsión de recursos, de anticipación e avaliación de resultados. En resumo, sitúa ao alumnado ante un proceso que lle obriga a tomar decisións de xeito autónomo. Todo este proceso, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomenta a iniciativa e autonomía persoal.

Esta materia constitúe un bo vehículo para o desenvolvemento da *competencias sociais e cívicas* Naquela medida en que a creación artística supoña un traballo en equipo, se promoverán actitudes de respecto, tolerancia, cooperación, flexibilidade, e contribuirase á adquisición de habilidades sociais. Por outra banda, o traballo con ferramentas propias da linguaxe visual, que inducen ao pensamento creativo e á expresión de emocións, vivencias e ideas, proporciona experiencias directamente relacionadas coa diversidade de respostas ante un mesmo estímulo e a aceptación das diferenzas

Á *competencia para aprender a aprender* contribúese na medida en que se favoreza a reflexión sobre os procesos e experimentación creativa, xa que implica a toma de conciencia das propias capacidades e recursos, así como a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.
A importancia que adquiren no currículo os contidos relativos á contorna audiovisual e multimedia expresa o papel que se outorga a esta materia na adquisición da *competencia en tratamento da información* e en particular ao mundo da imaxe que dita información incorpora.

Ademais, o uso de recursos tecnolóxicos específicos non só supón unha ferramenta potente para a produción de creacións visuais, senón que á súa vez colabora na mellora da *competencia dixital*.

Aprender a desenvolverse con comodidade a través da linguaxe simbólica é obxectivo da materia, así como profundar no coñecemento de aspectos

espaciais da realidade, mediante a xeometría e a representación obxectiva das formas. As capacidades descritas anteriormente contribúen a que o alumnado adquira *competencia matemática*.

Do mesmo xeito, a «Educación Plástica Visual e Audiovisual» contribúe tamén á adquisición das *competencias básicas en ciencia e tecnoloxía* mediante a utilización de procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o descubrimento, a reflexión e a análise posterior.

Tamén introduce valores de *sustentabilidade* e reciclaxe en canto á utilización de materiais para a creación de obras propias, a análise de obras alleas e a *conservación do patrimonio cultural*.

En canto á *competencia en comunicación lingüística*, toda forma de comunicación posúe uns procedementos comúns, e, como tal, a Educación Plástica e Visual permite facer uso duns recursos específicos para expresar ideas, sentimentos e emocións, á vez que permite integrar a linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e, con iso, enriquecer a comunicación.
Nos perfís competenciais da materia inclúense as siglas identificativas das competencias crave a cuxa adquisición contribúese particularmente con cada estándar de aprendizaxe avaliable.

## Perfil competencial da materia en 4º ESO

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1. Expresión plástica | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística. | ▪ B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía | ▪ EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. | ▪ CCEC |

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ h | | e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación. | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ n | ▪ B1.2. Leis da composición.<br>▪ B1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza.<br>▪ B1.4. Cor como ferramenta simbólica. | ▪ B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo. | ▪ EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe. | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB1.2.3. Cambia o significado dunha imaxe por medio da cor. | ▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ n | ▪ B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais.<br>▪ B1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias.<br>▪ B1.7. Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio. | ▪ B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización. | ▪ EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. | ▪ CCEC<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CD |

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ n | ▪ B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva).<br>▪ B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa. | ▪ B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística. | ▪ EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ d<br>▪ f<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes.<br>▪ B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico. | ▪ B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte. | ▪ EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaas no período ao que pertencen. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | Bloque 2. Debuxo técnico | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo.<br>▪ B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia.<br>▪ B2.3. Tanxencias e enlaces.<br>▪ B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos. | ▪ B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico. | ▪ EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e | ▪ CAA |

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | enlaces. | ▪ CMCCT |
| | | | ▪ EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ g<br>▪ o | ▪ B2. 5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas.<br>▪ B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.<br>▪ B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.<br>▪ B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.<br>▪ B2.9. Perspectiva cónica central.<br>▪ B2.10. Perspectiva cónica oblicua.<br>▪ B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista. | ▪ B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría. | ▪ EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| | | | ▪ EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas. | ▪ B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación. | ▪ EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos. | ▪ CAA<br>▪ CMCCT |

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ o | | | | |
| | Bloque 3. Fundamentos do deseño | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.).<br>▪ B3. 2. Fases do proceso de deseño.<br>▪ B3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos.<br>▪ B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico. | ▪ B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases. | ▪ EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal. | ▪ CCEC |
| ▪ c<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ i | ▪ B3.5. Campos de aplicación do deseño. | ▪ B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño. | ▪ EPVAB3 2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ i | ▪ B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos.<br>▪ B3.7. Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc.<br>▪ B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño. | ▪ B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais. | ▪ EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa. | ▪ CSIEE |

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño.<br>▪ B3.10. Planificación dun proxecto artístico. | | | ▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras. | ▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia | | | |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ ñ | ▪ B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía.<br>▪ B4.2. Realización dun storyboard. | ▪ B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo. | ▪ EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película. | ▪ CSIEE |

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ e<br>▪ l<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine.<br>▪ B4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías.<br>▪ B4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas. | ▪ B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades | ▪ EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB.4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ f<br>▪ g | ▪ B4.6. Creación dixital de imaxes.<br>▪ B4.7. Deseño dun proxecto publicitario.<br>▪ B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal. | ▪ B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes. | ▪ EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación. | ▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |

| | Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ f<br>▪ h<br>▪ n<br>▪ o | ▪ B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria. | ▪ B4.4. Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial. | ▪ EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen. | ▪ CD<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC |

# 3. Concreción dos obxectivos para o curso

## Obxectivos 4º ESO

1. Observar e analizar as formas na natureza e en reproducións artísticas, diferenciando entre obxectivo e suxetivo e valorar a obra de artistas que utilizan as formas naturais nas súas creacións plásticas.

2. Reproducir formas naturais en creacións artísticas de forma libre.

3. Coñecer a importancia da realización dun esquema previo ao realizar unha produción e a aplicación de as leis da composición.

4. Apreciar e coñecer los distintos estilos artísticos. Valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e desfrute individual e colectivo.

5. Observar e analizar diferentes paisaxes urbanos e realizar composicións artísticas de paisaxes, tendo en conta as leis da composición, así como los elementos visuais e as técnicas mais adecuados.

6. Coñecer e identificar los principais elementos da perspectiva cónica na representación de paisaxes.

7. Valorar a aportación de as cidades e as súas representacións en los distintos períodos ao patrimonio cultural e artístico.

8. Observar e analizar a estrutura, o movemento e los xestos do rostro na figura humana.

9. Identificar as formas, a proporción e a expresividade nas representacións plásticas da figura humana.

10. Representar a figura humana segundo diversas intencións expresivas o finalidades.

11. Recoñecer e valorar a representación da figura humana no arte.

12. Identificar as características básicas da imaxe dixital, coñecendo e manexando programas informáticos básicos para a aplicación de elementos da expresión plástica en creacións dixitais e mostrar interese por los avances tecnolóxicos vinculados ao linguaxe audiovisual.

13. Recoñecer as posibilidades da imaxe dixital como medio de produción de obras artísticas, educativas, de deseño, etc., e identificar as súas posibilidades de modificación, distribución e aplicación.

14. Coñecer los inicios da historia e a evolución da fotografía, así como fotógrafos destacados da historia.

15. Coñecer e manexar as cámaras fotográficas dixitais e as súas funcións.

16. Recoñecer los principais xéneros fotográficos: publicitario, de natureza, científico e médico, de arquitectura e paisaxe e de prensa.

17. Desenvolver unha mirada crítica para analizar imaxes realizadas con técnicas clásicas e actuais.

18. Coñecer a evolución histórica e tecnolóxica do arte cinematográfico e los diferentes xéneros.

19. Identificar e describir los elementos básicos do linguaxe cinematográfico e as súas valores expresivos.

20. Aplicar o linguaxe audiovisual a diferentes intencións comunicativas.

21. Identificar as características dos diferentes medios de comunicación: publicidade, prensa e radio, e analizalas de maneira crítica.

22. Valorar a importancia do deseño no mundo actual e diferenciar los posibles campos de aplicación.

23. Identificar e analizar as características funcionais do deseño.

24. Describir e aplicar a expresividade dos elementos plásticos no deseño, utilizando formas xeométricas básicas e estruturas modulares.

25. Recoñecer e valorar los diferentes campos do deseño gráfico: imaxe corporativa, comunicación visual, deseño editorial, etc.

26. Aplicar los elementos e as destrezas plásticas para transmitir ideas mediante deseños gráficos.

27. Identificar elementos propios da representación xeométrica en obras artísticas e deseños, e aplicalos nas súas creacións.

28. Ser crítico coa información difundida por los mensaxes publicitarios en calquera soporte.

29. Distinguir los elementos do deseño publicitario e los diversos soportes: papel, televisión, páganas web, etc.

30. Crear deseños con fines publicitarios destinados á sociedade actual e baseados en elementos plásticos coñecidos.

31. Coñecer as posibilidades do campo do deseño por ordenador.

32. Practicar as destrezas dixitais para a creación e a transformación de imaxes fixas por ordenador.

33. Manexar as posibilidades de programas sinxelos de tratamento de imaxes e programas de animación.

34. Distinguir e identificar los diferentes tipos de proxección e los sistemas de representación espacial: sistema diédrico, sistema axonométrico, perspectiva cabaleira e perspectiva cónica.

35. Representar sólidos en los sistemas diédrico e axonométrico, e cabaleira.

36. Diferenciar a perspectiva cónica frontal da oblicua.

37. Representar en perspectiva cónica figuras en diédrico.

38. Coñecer e valorar o deseño industrial e as súas aplicacións, así como realizar os seus propios deseños.

39. Valorar a importancia da normalización, as escalas e as acotacións no deseño industrial.

40. Aplicar los coñecementos do sistema diédrico na realización de croques de pezas sinxelas.

# 4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable

## Temporalización

Organización en UNIDADES DIDÁCTICAS e TEMPORALIZACIÓN en 4º E.S.O.

Estes obxectivos agrúpanse en 12 unidades didácticas e concrétanse na programación de aula:

| AVALIACIÓN | UNIDADE | TEMA | TEMPORALIZACIÓN |
|---|---|---|---|
| 1ª | 4. 1. 1. | A composición | 15 |
| | 4. 1. 2. | Proceso creativo e Técnicas de expresión plástica | 22 |
| 2ª | 4. 2. 3 | Trazados xeométricos, polígonos e tanxencias | 18 |
| | 4. 2. 4. | Sistemas de representación espacial | 8 |
| | 4. 2. 5. | Deseño asistido por ordenador | 6 |
| 3ª | 4. 3. 6. | Linguaxe audiovisual e mulimedia | 33 |
| | 4. 3. 7. | Fundamentos do deseño | 12 |
| | | **Total** | **102 sesións** |

## Graos mínimos de consecución dos estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado.
Na seguinte táboa figuran os estándares de aprendizaxe coa súa temporalización e o grao mínimo de consecución.

O grao de consecución valorárase nunha escala de 1 a 3 co seguinte significado:

**1**: EN VÍAS DE ADQUISICIÓN

**2**: ADQUIRIDO

**3**: AVANZADO

| º E-S.O. - BLOQUE 4: LINGUAXE AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE AVALIABLES | TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS | | | GRADO MÍNIMO de CONSECUCIÓN | INSTRUMENTOS de AVALIACIÓN |
| | 1ª AVA. | 2ª AVA. | 3ª AVA | | |
| 1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en distintas películas cinematográficas valorando os seus factores expresivos. | X | X | X | 3 | Observación directa, Diario de Clase, Realización de Traballos |
| 1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película. | X | | X | 2 | Realización de Traballos |
| 2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e los movementos de cámara. | X | | | 2 | Realización de Traballos |
| 2.2. Analiza e realiza diferentes fotografías, tendo en conta diversos criterios estéticos. | X | X | X | 3 | Realización de Traballos |
| 2.3. Recompila diferentes imaxes de prensa analizando súas finalidades. | | | X | 1 | Realización de Traballos |
| 3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando distintos programas de debuxo por ordenador. | X | | X | 2 | Realización de Traballos |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando los distintos elementos do linguaxe gráfico-plástico. | | | X | 2 | Realización de Traballos |
| 3.3. Realiza, seguindo o esquema do proceso de creación, un proxecto persoal. | | | X | 2 | Realización de Traballos |

## Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación céntrase no proceso de ensino, sendo de carácter formativo. Os criterios de avaliación establecen o grao de aprendizaxe que se espera que alcancen os alumnos respecto das capacidades sinaladas nos obxectivos. O nivel de cumprimento destes obxectivos en relación cos criterios de avaliación fixados non debe ser medido de forma mecánica, senón con flexibilidade, tendo en conta a situación do alumno, as súas características e posibilidades.

- **Avaliación Obxectiva**

Mediante procedementos de Experimentación, utilizaremos Instrumentos como: cuestionarios, test, entrevistas persoais e probas de execución.

- **Avaliación Subxectiva**

Mediante procedementos de observación, utilizaremos instrumentos como: rexistros e diarios ou informes (caderno_do profesor), listas de control e escalas de clasificación ou puntuación. A aplicación da Avaliación Subxectiva require unha minuciosa avaliación inicial, tratando de coñecer dende un primeiro momento, o punto de partida de cada alumno/a e así poder valorar os progresos persoais logrados ao longo do proceso.

Nas primeiras semanas do curso, infórmase ao alumnado dos obxectivos a alcanzar e contidos a tratar, tamén será informado constantemente do seu nivel, obxectivos, progresos e logros alcanzados así como das posibles modificacións a realizar mediante distintos tipos de control (avaliación inicial, formativa e sumativa).

Ao comezo de cada curso escolar realizarase unha avaliación inicial para comprobar o grao de desenvolvemento das competencias básicas. A devandita análise realizarase tamén en cada unha das sesións de avaliación do curso.

| **MOMENTO** | **Características** | **Relación co proceso ensinanza - aprendizaxe** |
|---|---|---|
| INICIAL | Realízase ao principio do curso, para orientar sobre la programación, metodoloxía a utilizar, organización da aula, actividades recomendadas, etc. | Afectará mais directamente ás primeiras fases do proceso: diagnóstico das condicións previas e formulación dos obxectivos. |
| CONTÍNUA FORMATIVA | - Valora o desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe ao longo do mesmo<br>- Orienta as diferentes modificacións que se deben realizar en función da evolución de cada alumno e do grupo.<br>- Ten en conta a incidencia da acción docente. | Aplícase ao núcleo do proceso de aprendizaxe: obxectivos, estratexias didácticas e accións que fan posible o seu desenvolvemento. |
| FINAL SUMATIVA | - Consiste na síntese da avaliación continua e constata como se realizou todo o proceso.<br>- Amosa a situación final do proceso.<br>- Permite orientar as modificacións necesarias no proxecto curricular e a planificación de novas secuencias de ensinanza-aprendizaxe | Xestiona os resultados unha vez concluído o proceso e trata de relacionar as carencias e as necesidades detectadas na fase de diagnostico das condicións previas. |

## INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- ✓ Probas de execución: esixen que o alumno realice unha tarefa poñendo de manifesto tanto os contidos como os procedementos que se queren medir. Neste tipo de probas hai que atender non só ao resultado, senón tamén á destreza da realización, o manexo do material, a rapidez, etc. e a cada unha das etapas do cumprimento da tarefa. Dentro destas probas de execución encontrámonos con:

- ✓ Exercicios técnicos: que serven para verificar a destreza e a capacidade para a resolución de problemas.

- ✓ Listado progresivo de tarefas: consisten en fichas de tarefas, que os alumnos van realizando no seu proceso de aprendizaxe.

- ✓ Probas escritas: buscan obter información do que o alumno coñece e comprende sobre os contidos que se están a traballar; sobre os conceptos da unidade didáctica que se está impartindo a través de exames e controis teóricos.

- ✓ Probas tipo Test sobre os contidos que se están a traballar.

- ✓ Diario e observación de clase: onde se fai unha breve descrición dalgún comportamento que puidese parecer importante para a avaliación. Anótanse diversos acontecementos que parecen ser significativos para o profesor.

- ✓ Traballos en grupo. Ademais dos contidos, terase en conta a capacidade de organización, coordinación e resolución de problemas en grupo

- ✓ Comentarios críticos sobre os contidos da Unidade Didáctica que se está a traballar.

| | **Instrumentos de Avaliación** | **Porcentaxe na nota final** |
|---|---|---|
| 1º Avaliación | Criterios conceptuais: 40 %<br>Criterios Actitudinais: 20 %<br>Criterios Procedimentais: 40 % | 33% |
| 2º Avaliación | Criterios conceptuais: 40 %<br>Criterios Actitudinais: 20 %<br>Criterios Procedimentais: 40 % | 33% |
| 3º Avaliación | Criterios conceptuais: 40 %<br>Criterios Actitudinais: 20 %<br>Criterios Procedimentais: 40 % | 33% |
| Plan de recuperación de materia pendente | Avaliación de seguimento de traballos durante o curso: 100 % | 100% |

## 5. Concrecións metodolóxicas

As liñas metodolóxicas xerais son as indicadas para toda a etapa. Dun xeito global a metodoloxía procurará ser dinámica e para iso complementará a exposición oral do docente co uso de tecnolóxicas da información e comunicación. Procurarase o emprego de cámaras fotográficas, tablets, ordenadores e móbiles, e con material típico das técnicas artísticas como proxector de transparencias, tórculo de gravado, cabaletes, etc. Asemade procurarase motivar ao alumnado mediante a visualización e creación de produtos audiovisuais: animación, películas, cortos, fotografía, etc. na pantalla do aula. Lles ensinaremos técnicas construtivas tridimensionais para realizar fisicamente obras en tres dimensións. Os estimularemos para que acudan o cine, vexan exposicións e promoveremos debates que favorezan a participación oral, a toma de decisións e a implicación coa realidade plástica e audiovisual. Incidirase no traballo creativo e de produción plástica cunha intencionalidade artística. Incidirase na realización de análises sinxelos e dirixidos para obter conclusións, causas e consecuencias dos proxectos de educación plástica feitos na aula ou fora do centro. O docente prestará atención o traballo diario no caderno de clase onde se anotarán indicacións, esquemas, cadros comparativos, vocabulario específico e exercicios e polo que resulta esencial a súa ordenación e boa presentación.

No desenvolvemento das tarefas pódense empregar diversas estratexias metodolóxicas:

- Coñecer, antes de comezar, as ideas previas, as dificultades de aprendizaxe do alumnado e os recursos dispoñibles.
- Introducir de xeito xeral o alumno na unidade, anticipando as tarefas previstas e os materiais necesarios para o desenvolvemento desta.
- Realizar exposicións (tanto por parte do profesor coma dos alumnos) utilizando diferentes soportes e incidindo no uso da imaxe e na expresión multimedia (oral, visual e outras).
- Complementar a lectura audiovisual coa busca de información e a reflexión tanto individual como en grupo.
- Fomentar a realización de esquemas ou mapas visuais do que se coñece e do que se quere coñecer, así como dos procesos de traballo tanto individuais como por medio de dinámicas grupais.
- Fomentar a exposición e posta en común, tanto na clase como fóra dela.
- Realizar visitas extraescolares ou invitar personaxes de interese á aula.

Na práctica educativa temos que ter presente:

- A necesidade de partir do nivel de desenrolo do alumnado.
- A necesidade de asegurar a construción de aprendizaxes significativos.

E tres son as liñas maestras que neste proceso pódense influenciar e modificar unhas as outras:

- Enseñanza o Método Repetitivo: Por exemplo a disciplina artística na que a práctica guiada o longo do tempo favorece a maestría técnica do alumno.

- Enseñanza o Método Expositivo: O alumno o finalizar o proxecto expón os pasos que tivo que atravesar para chegar o resultado final, as técnicas que utilizou, os artistas, medios que consultou…ensina o resto da clase o material auxiliar, impresións, fotocopias, libros, fotos, videos, etc. que consultou.

- Enseñanza o Método por Descubrimento: O alumno experimenta con distintos medios o modo de chegar a obter un resultado final plástico, visual e audiovisual. Profesor e alumno participan na construción da organización do coñecemento.

  Manexando estos tres liñas, aplicaremos:

  - As TAREFAS INDIVIDUAIS (ejercizos de xeometría por exemplo),
  - a EXPLICACIÓN ORAL e
  - TRABALLO POR PROXECTOS

Para fomentar o aprendizaxe cooperativo de modo grupal e individual (proxecto individual). No traballo por proxectos os grupos serán como máximo de 5 alumnos e a técnica será a da mesa redonda onde se repartirán os roles os integrantes do grupo, procurando que pasen todos nalgún momento do curso por roles distintos dentro do mesmo grupo ou doutro distinto. Proporemos a tarefa coma un "produto final" (película, corto, instalación artística, obra pictórica e escultura, maqueta, exposición fotográfica, etc…). Promoveremos o éxito de todos e a autoavaliación do grupo unha vez exposta o resto da clase o resultado do seu esforzo. Esta técnica favorece a titoría interpares axudándose entre eles. O papel do profesor como mediador no aprendizaxe dos grupos, realizando exposición orais, motivándoos e dirixíndoos cara o resultado final, intervindo o mínimo posible cando sexa necesario para favorecer os aprendizaxes por descubrimento como xa vimos anteriormente. Explicaranse unhas normas básicas de funcionamento e dedicarase o tempo necesario a asegurar que se asuman e se convertan en hábito. Por exemplo nas prácticas de taller buscaremos que, mediante o diálogo, o alumnado participantes vaian comprendendo que hai sutís decisións que afectan ao sentido da obra e o modifican. Dado que todo acto creativo é extremadamente complexo, requírese de distintos enfoques para ir descubrindo as razóns das decisións que imos tomando no proceso; por iso indagaremos sobre o sentido das nosas ideas estéticas, e as intencións conceptuais destas e as cargas emocionais que impulsan o acto creador.
Desenvolverase a capacidade creadora nas experiencias dos traballos dos alumnos. Para iso protexerase a expresión individual e estimularanse a iniciativa e a espontaneidade. Esta é un ensino activo con respostas inmediatas onde o alumno debe buscar solucións no canto de esperar a resposta do profesor.

